

AS COMISIÓNS PARLAMENTARIAS NA CÁMARA GALEGA

Xosé A. Sarmiento Méndez*

Non sorprendemos a ninguén se afirmamos que o legislativo autonómico xira de forma prioritaria en torno ó seu funcionamento en comisións. Trátase, como é ben sabido, dunha tendencia xeral das democracias contemporáneas que, traspasando o principio de especialización ó eido parlamentario, distribúen os asuntos prioritariamente nas distintas comisións, en prexuízo das competencias plenarias. Esta corrente doctrinal supera a clásica diferenciación entre o parlamentarismo continental e o anglosaxón, pois tamén o Parlamento británico descansa fundamentalmente nos seus traballos en comisión (1).

Polo demais esta “atomización” da actividade das Cámaras non é un fenómeno recente, e xa autores como Tomás y Valiente teñen referido a excesiva proclividade das Cortes Medievais de Castela a nomear Comisións para calquer asunto (2).

* Letrado do Parlamento de Galicia. Prof. de Dereito Político na Universidade de Vigo

(1) Se ben este fenómeno é moito máis sulñable no caso da Cámara dos Comúns que na dos Lores. Cfr. Michael Rush: “As comisións no Parlamento do Reino Unido”. Seminario sobre as comisións parlamentarias tomo III. Dirección de Estudos do Parlamento Vasco. Para un tratamento polo miúdo dos datos referidos ó caso galego, pode consultarse, Xosé A. Sarmiento Méndez: “Crónica parlamentaria do final da lexislatura no Parlamento de Galicia”. Revista de las Cortes Generales nº 29, segundo cuatrimestre de 1993. Páxinas 207 e ss.

(2) Así, Francisco Tomás y Valiente: *Goberno e institucións na España do Antigo Réxime*. Madrid, Alianza Editorial, 1982, páxinas 73 e ss.

1. Composición

A composición das comisións, lonxe de ser unha cuestión estritamente técnica presenta importantes implicacións xurídico-políticas, que veñen de ser subliñadas reiteradamente pola nosa doutrina constitucional (3).

Un primeiro problema vén dado pola determinación do número de membros que deban compoñe-las distintas comisións parlamentarias. A este respecto na Cámara galega establécese que será a Mesa do Parlamento (de xeito parello ó que ocorre no Congreso dos deputados) (4) a que, oída a Xunta de Portavoces, designe o número de parlamentarios que integren cada comisión. Esta competencia do máximo órgano rector do Parlamento se condiciona por dous límites fundamentais.

En primeiro lugar, tódolos grupos parlamentarios teñen dereito a contar como mínimo cun representante en cada comisión. Atopámonos ante unha consecuencia clara do principio xeral da igualdade entre tódolos grupos parlamentarios que na Cámara se constitúan (5). Obviamente, as distintas forzas políticas que eventualmente integren o grupo parlamentario mixto non gozan dun dereito a participar, como forzas políticas individualizadas, en tódalas comisións que na Cámara se constitúan. A distribución interna das comisións no seo do grupo parlamentario mixto será froito do acordo político entre os seus membros, facéndose necesaria, en ocasións, a aprobación por parte da Mesa da Cámara dunhas normas de funcionamento do grupo parlamentario mixto a estes efectos.

O segundo límite á potestade na fixación por parte da Mesa, vén dada pola obrigatoriedade de respectar os criterios de proporcionalidade na importancia numérica dos grupos parlamentarios no Pleno da Cámara, de tal xeito que ó carón da fixación do número total de membros da comisión, a

(3) Vid. por todos. Jordi Solé Tura e Miguel A. Aparicio: "As Cortes xerais no sistema constitucional" Ed. Tecnos. Temas clave de la Constitución española. Madrid 1988. 2ª ed. Páxs. 159 e ss.

(4) Cfr. I. Torres Muro: "Os órganos de goberno das Cámaras". Madrid. Publicacións do Congreso dos deputados. 1987. Páx. 218.

(5) Principio establecido con carácter xeral no artigo 28 do Regulamento do Parlamento autonómico.

Mesa deberá establecer a cuota proporcional que a cada grupo corresponda dentro deste órgano. A xurisprudencia constitucional (SSTC de 16 de decembro de 1981 e 27 de abril de 1989, entre outras) nesta materia é clara, no sentido de garanti-la participación proporcional das distintas forzas políticas nas comisións, pois ó contrario supón unha violación do contido esencial do artigo 23, apartado 2º da Constitución española.

Outro aspecto a considerar é o referente á asignación por parte dos grupos parlamentarios dos distintos deputados ás correspondentes comisións parlamentarias. Como ten apuntado Arce Janáriz para o caso asturiano, neste procedemento non priman os criterios técnicos, e deste xeito é facilmente observable como os distintos grupos encomendan ós seus parlamentarios as comisións que politicamente consideran máis convenientes, desatendendo criterios de especialización ou estricta preferencia que poidan ter os deputados individuais.

A asignación realizada polos grupos conta somentes cun requisito limitador, que vén dado polo dereito de todo deputado de pertencer alomenos a unha comisión parlamentaria. Este dereito deberá ser garantido, no seu caso, polos órganos rectores da Cámara, e no seu defecto, o parlamentario afectado poderá tutela-lo seu dereito xurisdiccionalmente a través do oportuno recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional. Trátase dun suposto que non se ten dado no lexislativo autonómico pero que pode acaecer nos casos de deputados díscolos dentro dos grupos parlamentarios.

O Regulamento galego establece a obrigatoriedade de que as asignación por parte dos grupos se prduza por escrito, aínda que este requisito deba deducirse, contrario sensu, do mecanismo establecido para a substitución dos membros adscritos a unha comisión.

Excepcionalmente, algúns lexislativos autonómicos (País vasco) establecen que os membros de certas comisións, como a de incompatibilidades, non sexan asignados polos grupos, senón elixidos polo Pleno parlamentario. Este mecanismo é descoñecido no dereito galego, que prevé a asignación directa dos grupos parlamentarios, a diferenza tamén doutros sistemas do dereito comparado que fan intervir a outros órganos da Cámara (6).

(6) Deste xeito a composición dos "standing committees" da Cámara dos Comúns, na que a selección corresponde ó Committee of Selection. Así, J. A. G. Greefith, M. Ryle: *Parliament. Functions, practice and procedures*. Londres. Sweet & Maxwell, 1989, páx. 272.

Esta composición determinada a priori pódese ver modificada a través do mecanismo das substitucións parlamentarias. O noso dereito coñece dous tipos de substitucións.

En primeiro lugar, a substitución estable ou definitiva, mediante a que os grupos parlamentarios poden substituír a un ou varios dos seus membros adscritos a unha comisión por outro ou outros do mesmo grupo. Esta suplencia ten que facerse como xa apuntamos a través de comunicación escrita ó presidente do Parlamento.

Ó carón desta substitución definitiva atópase a substitución eventual, que denomina Di Ciolo "Ad rem", que consiste na substitución para un determinado asunto, debate ou sesión. Esta producírase verbalmente ou por escrito ó presidente da Comisión de que se trate, estando este obrigado a admitir como membro da mesma indistintamente ó substituto ou ó substituído.

Os problemas que suscita esta substitución eventual son moi variados e veñen causados na súa maior parte pola inexistencia dun límite máximo no número de substitutos, de tal xeito que é posible que calquera deputado do mesmo grupo substitúa a un membro titular indistintamente. Na práctica, os presidentes das comisións atópanse con importantes problemas á hora de identificar ós deputados que gozan de dereito de voto en determinado asunto na Comisión, o que pode plantear, sobre todo en asuntos legislativos, importantes problemas procedimentais.

A composición das comisións complétase coa posible asistencia dunhas persoas alleas á Cámara, que son os membros da Xunta. Nos sistemas parlamentarios como o noso (7), nos que non existe incompatibilidade entre a condición de parlamentario e a de membro da Cámara, a asistencia dos altos cargos plantea obvios problemas na ordenación dos debates. O suposto extremo chegou a suscitarse no caso dun conselleiro de industria que tendo a condición de parlamentario insistía en intervir no debate e tramitación das

(7) Para un estudio no Dereito comparado, pode consultarse, M.H. SCHELLKNECHT: "Le système des Commissions parlementaires". Informations constitutionnelles et parlementaires n° 130-140. 1984 pág. 115.

proposicións non de lei en comisión, na súa dobre condición de membro do Goberno e membro da Comisión de Industria. Obviamente, esta “esquizofrenia parlamentaria” non é admisible xuridicamente, polo que parece necesario que ó inicio dos debates quede clara a posición nos mesmos do conselleiro-deputado.

2. Estructura

De acordo á afirmación clásica de Woodrow Wilson as comisións parlamentarias constitúen “pequenos parlamentos” (8). Nesta liña as comisións no Parlamento de Galicia contan cuns órganos directivos de xeito semellante ó Pleno.

A elección destes órganos prodúcese do xeito previsto para a elección da Mesa do Parlamento, axeitado ó distinto número de postos que se teñen que cubrir. A pesar de non establecerse nada regulamentariamente, a Sentencia do TC 141/1990, no seu fundamento xurídico 6º estableceu para o caso da Asemblea de Navarra a necesaria proporcionalidade na participación dos grupos parlamentarios nos órganos rectores das Cámaras.

É habitual que existan pactos entre os grupos parlamentarios para distribuí-los postos nas distintas mesas, sendo ademais costume parlamentaria xeneralizada a atribución de certas presidencias de comisións á oposición. No Parlamento galego somentes se cede pola maioría parlamentaria á Presidencia da Comisión de Economía, Facenda e Presupostos, a diferenza doutros lexislativos autonómicos nos que tamén se cede a Presidencia da Comisión de Control da Compañía de Televisión.

Un aspecto que non prevé o Regulamento galego para o suposto das mesas das comisións é o das consecuencias que poidan ter para a composición da Cámara a resolución dos recursos contencioso-electorais. Entendo que a solución debe se-la mesma que se dispón no caso da elección dos membros da Mesa do Parlamento e, polo tanto, será necesario proceder a unha nova

(8) Na súa obra *Congressional Government: A study in American politics*, Boston, Boughton Mifflin. Reimpresión Meridian Books, 1956, páx. 82-83.

elección das mesas das comisións cando as sentencias recaídas nos citados recursos supuxesen un cambio na titularidade do máis do dez por cento dos escanos, neste caso referidos ós da comisión parlamentaria.

O status persoal dos presidentes de comisión ten sido subliñado tradicionalmente polos estudiosos do dereito parlamentario (9). No caso galego o ritual parlamentario reconécelles unha posición prevalente no Pleno da Cámara, na que se sitúan na fila inmediatamente posterior ó Goberno e ós portavoces do grupo maioritario.

Problema singular presentan as substitucións que se producen nos membros das mesas, ata o punto de que a última reforma regulamentaria do 29 de xullo de 1993 procedeu a introduci-la posibilidade de que eventualmente poidan ser substituídos o vicepresidente ou secretario dunha comisión por outros membros do mesmo grupo parlamentario, comunicándollo así ó presidente da comisión verbalmente. Esta mecánica suscita problemas habitualmente ós letrados encargados de asistir ás comisións, pois as substitucións se producen a veces de forma aleatoria e sen un cumprimento estricto das previsións regulamentarias.

3. Réxime de funcionamento

A) Convocatoria

As comisións parlamentarias son convocadas polo seu presidente de acordo co do Parlamento, a iniciativa propia ou a petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros da comisión. Deste réxime se deriva a necesidade dunha concorrencia de vontades: a do presidente da Cámara e a do presidente da comisión de que se trate.

Esta regulación sería totalmente nida se non se establecese de xeito paralelo a posibilidade de que o presidente do Parlamento poida convocar e

(9) Así, Barthélemy dicía que na elección dos presidentes das comisións pesaban tres factores: O partido, a simpatía persoal e a competencia; lamentándose do progresivo reforzamento do primeiro deles. Vid. "Essay sur le travail parlementaire et le système de commissions, Paris, Librerie Delgrave, 1934, páx. 123.

presidir calquera comisión, coa única limitación de que só disporá de voto naquelas das que forme parte. Villacorta Mancebo opina que esta última posibilidade integra unha regulación supletoria da convocatoria independente por parte do presidente da Cámara (10).

O problema que se ten suscitado no caso galego é o intento de desconvocatoria dunha comisión que, previamente fora convocada mediante a vontade de ámbolos dous presidentes. Entendo que só será posible que o presidente do Parlamento desconvoque unilateralmente aquelas comisións que el mesmo, na súa facultade supletoria convocara de xeito individual.

B) Constitución

O quorum de constitución nas comisións se integra pola metade máis un dos seus membros. Na actualidade, posto que as comisións están formadas por dezasete deputados, o número legal é de nove membros. Obviamente, esta referencia regulamentaria ós “membros” debe entenderse extendida ós seus suplentes segundo as previsións regulamentarias xa comentadas.

Nas sesións parlamentarias que duran máis dun día, vén aplicándose a presunción de existencia de quorum cando existira o inicio da primeira reunión, para o que o presidente da Comisión terá especial dilixencia en precisar que a reunión da comisión se suspende, e non se “ergue”. Esta matización permite interpretar que a “unidade de acto” da comisión se mantén, a pesar de que a súa duración se prolongue en días sucesivos.

C) Competencias

A declaración regulamentaria a cerca das competencias das comisións é do máis xenérico: “coñecerán dos proxectos, proposicións ou asuntos que lles encomende... a Mesa do Parlamento”. Esta previsión verase posteriormente concretada ó longo do articulado do Regulamento.

Establécese nembargantes que a competencia das comisións será limitada “de acordo coa súa respectiva competencia”, o que parece remitir ó

(10) Vid. Villacorta Mancebo: “Hacia el equilibrio de poderes. Comisiones legislativas y robustecimiento de las Cortes”. Universidade de Valladolid, 1989, páx. 258.

marco da división sectorial que o artigo 45 do Regulamento fai das distintas comisións permanentes lexislativas.

De xeito paralelo, a Mesa do Parlamento, pola súa propia iniciativa ou a petición dunha comisión interesada poderá acordar que sobre unha cuestión que sexa competencia principal dunha comisión, informe previamente outra ou outras comisións. Como nos recorda A. Palanza (11) trátase do procedemento que en Italia se coñece como "sede consultiva", e que no ámbito galego é claramente inusual. As razóns teóricas que abonarían a existencia deste mecanismo non se ven plasmadas na práctica, polo que non se ten acudido a esta previsión regulamentaria.

Unha meirande funcionalidade presentan as competencias informativas que o artigo 44 do Regulamento deseña para as comisións parlamentarias.

En primeiro lugar, as comisións poden, a través do presidente do Parlamento, pedi-la información e documentación que necesiten das institucións e máis dos entes públicos de Galicia. Igualmente pódennlle solicitar estes datos ás autoridades do Estado a aquelas competencias atribuídas á Xunta de Galicia das que non estean aínda transferidos os servicios.

O propio Regulamento establece un termo perentorio de trinta días para que as autoridades faciliten a citada información ou, como única excusa lle manifesten ó presidente do Parlamento as razóns polas que non poden facelo. Con carácter xeral nos atopamos ante un mecanismo dos previstos para a colaboración entre institucións das diversas administracións públicas do Estado, que para o seu correcto funcionamento necesitan dunha correcta cooperación tal e como se incorpora en recentes documentos lexislativos (12).

Tamén poden as comisións requiri-la presenza dos membros da Xunta de Galicia competentes por razón da materia que se debatan para informaren

(11) Cfr. Alessandro Palanza: "As comisións permanentes no Parlamento italiano". Ponencia presentada ó Seminario sobre as Comisións parlamentarias celebrado no Parlamento vasco. 1993. Tomo III.

(12) Entre outras podemos citar neste sentido a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

sobre tódalas cuestións das que sexan consultados. Trátase dunha vía moi utilizada e que ten a súa máxima expresión nas roldas previas de comparencias que se tramitan antes do debate de totalidade do proxecto de lei de presupostos (13).

Dentro da posibilidade de comparecer para os membros da Xunta de Galicia se ten planteado o suposto polémico de asistir subdirectores xerais, o que choca frontalmente coa previsión regulamentaria que fala exclusivamente de “membros da Xunta de Galicia”. Se ben o problema se suscitou en relación con un sector administrativo (o turismo) no que non existe actualmente o cargo de director xeral, debo manifestarme contrario a unha interpretación laxa da competencia para comparecer, de tal xeito que deberá ser o secretario xeral para o turismo (con rango de director xeral) o que poida asistir a estes efectos ante a comisión parlamentaria competente.

Por último, dentro destas funcións informativas, pódese solicita-la presenza de funcionarios, autoridades e particulares. Obviamente o grado de vinculación destes tres suxeitos é diferente e o propio Regulamento establece unha sanción para o suposto de que a autoridade ou funcionario non comparecera e non o xustificara no prazo establecido pola comisión. No caso dos particulares non haberá lugar a este tipo de sancións, ó non atoparse sometidos a unha relación de supremacía especial coa Administración (14).

D) Duración dos traballos

O Estatuto parlamentario é francamente optimista ó prever que as comisións deban concluí-la tramitación de calquera asunto nun prazo máximo de dous meses, pois a consulta de calquer documentación parlamentaria nos levaría á conclusión de que este prazo se incumple sistematicamente.

O Regulamento impón un prazo distinto para o suposto do procedemento lexislativo. En concreto, as ponencias que se formen no seo das comisións

(13) Para unha referencia detida sobre a trascendencia destas roldas pode consultarse o meu traballo: “O control parlamentario das finanzas públicas na Comunidade Autónoma de Galicia”. REGAP núm. 13, 1996.

(14) Regulación moi parella á prevista no lexislativo italiano. Asñi Di Ciolo: *Il Diritto parlamentare nella teoría e nella práctica. Aspetti generali e profili strutturali*. Giuffrè Editore. 1980. Páxs. 296-297.

parlamentarias deberían redacta-lo seu informe nun prazo máximo de quince días, o que de novo se incumpre de xeito xeneralizado. Neste último caso, parece xustificada a duración superior pola complexidade que, en ocasións, teñen os proxectos lexislativos e pola importancia que a fase de ponencia ten para unha boa redacción das normas desde o punto de vista da técnica lexislativa (15).

A participación da Mesa da Cámara é importante nesta materia por canto a ela lle compete impoñer un prazo distinto mediante a ampliación ou redución dos previstos regulamentariamente.

Deixando de lado outras cuestións que afectan á función lexislativa as comisións poden reunirse nos períodos de vacacións parlamentarias, pero somentes no exercicio das súas funcións ordinarias de control ou de elaboración dos dictames correspondentes ó procedemento lexislativo ordinario. É dicir, nas vacacións parlamentarias non cabe a atribución de competencia lexislativa plena ás comisións.

4. Tipoloxía

En ocasións se critica o excesivo número de comisións parlamentarias existentes nos lexislativos autonómicos e o mimetismo na súa configuración respecto ás establecidas nas Cortes Xerais. Estas críticas poden ter razón de ser nos parlamentos autonómicos de escasa actividade, pero non son axustadas a un caso como o noso no que as comisións existentes soportan un ritmo de traballo o suficientemente importante como para xustificar a súa existencia.

Trataremos pois de ensaiar unha clasificación das comisións existentes no Parlamento galego.

(15) Para un tratamento máis detido deste problema pode consultarse o meu traballo "Lexislación autonómica e técnica normativa". Revista Dereito, vol. 2 núm. 1, 1993. páxs. 237 a 243.

A. Comisións permanentes lexislativas

Son as previstas no artigo 45 do Regulamento do Parlamento de Galicia, máis a pesar do seu título non desempeñan somentes funcións na elaboración das leis, senón que son os principais lugares nos que se desenvolve o control e impulso político do Executivo (16).

O problema fundamental que suscita a división das comisións permanentes lexislativas é o da súa correspondencia cas áreas de goberno do executivo. Tense defendido a vinculación das comisións palamentarias ó organigrama gubernamental, o que técnicamente se coñece como “comisión de ministerio”, nunha corrente que ven de ser aplicada dende algún tempo na Cámara dos Comúns da Gran Bretaña (17).

Esta temática ten provocado importantes polémicas no seo da Mesa do Parlamento de Galicia, onde se teñen defendido posturas que reivindicán a adaptación da estrutura gubernamental ás comisións parlamentarias e non á inversa. As consecuencias prácticas deste debate prodúcense principalmente no momento de cualifica-los documentos e asignalos á comisión competente por razón da materia.

B. Comisións permanentes non lexislativas

Neste grupo atopamos comisións que nacen atendendo ás distintas fontes do dereito parlamentario: reglamentarias, legais e permanentes “de lexislatura”.

(16) O artigo 45 do Regulamento enumera como comisións permanentes lexislativas as seguintes:
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xusticia e Interior
Comisión 2ª, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios
Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Presupostos
Comisión 4ª, de Educación e Cultura
Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e Emprego
Comisión 6ª, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Comisión 7ª, de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes
Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo

(17) Cfr. N. Johnson: “Select committees and administration”, S.A. Walkland (ed.), *The house of Commons in the twentieth century*, Oxford, Clarendon Press, 1979, páxina 465.

A creación de comisións permanentes non lexislativas por vía regulamentaria supón unha manifestación do principio da autonomía da cámara, pois como é ben sabido o regulamento é a fonte do dereito parlamentario por antonomasia.

Maiores reticencias presentan as comisións permanentes non lexislativas de creación legal, pois supoñen que unha actividade plenamente parlamentaria veña influída por un texto lexislativo creado en principio, para regular a actividade extra das cámaras. No caso galego existen as comisións de control da compañía de RTVG e a comisión non permanente para as relacións co Consello de Contas (creadas polas leis 9/84 e 6/85 respectivamente).

Como ten subliñado Manetti parece razoable esixir unha maioría cualificada para a intervención dun texto legal nestas materias propias do regulamento parlamentario, se ben no caso galego non se produce a cualificación no trámite (18).

En terceiro e último lugar atoparíamos as comisións permanentes de lexislatura que pode crea-lo pleno da Cámara a proposta da Mesa oída a Xunta de Portavoces. Será precisamente o acordo de creación plenario o que determine o criterio de distribución de competencias entre a comisión creada e as que no seu caso poidan resultar afectadas. Usualmente no caso galego é o criterio de especialización o que determina estas relacións, entre as comisións afectadas.

Singularmente chamativo resulta o réxime previsto para a extinción destas comisións, nos que o regulamento parlamentario se remite a doutrina do "paralelismo das formas", esixindo polo tanto a participación do Pleno da Cámara a proposta da Mesa oída a Xunta de Portavoces. Non se refire paradoxicamente á extinción pola finalización da lexislatura da que se trate.

As tres comisións permanentes non lexislativas que acadan unha relevancia práctica máis notable son a de regulamento, a de estatuto dos deputados e a de peticións.

(18) Así Manetti: "La legitimazione del diritto parlamentario" Milán. Giuffrè.1990 péc. 50.

B.1. A primeira delas deberá estar composta polo presidente da Cámara e os demais membros da Mesa do Parlamento, completándose polo xeito habitual de asignación grupal prevista no artigo 40 do Regulamento do Parlamento de Galicia. Non se establece en ningún lugar cales deben ser as competencias desta comisión e así, no caso galego intervén en exclusiva no procedemento de reforma do texto regulamentario. Lege ferenda sería recomendable a atribución de competencias, cando menos consultivas, na elaboración dos acordos interpretativos por parte da Mesa da Cámara ou das resolucións da Presidencia.

B.2. A Comisión do estatuto dos deputados presenta unha composición especialísima, ó ser integrada por un membro de cada un dos grupos parlamentarios. Esta participación paritaria provoca que o seu sistema de adopción de acordos sexa o do voto ponderado.

O aspecto máis delicado da comisión é o xeito xenérico de delimitalo seu ámbito de competencias. Así como está claro o seu ámbito de actuación respecto á cualificación das incompatibilidades dos parlamentarios, non parece que a expresión “estatuto dos deputados” contida no apartado 2º do artigo 47 deba extenderse ó coñecemento por parte da comisión dos temas atinxentes á inviolabilidade parlamentaria. En todo caso a competencia da comisión é residual respecto ás materias que sexan directamente atribuídas á Presidencia ou á Mesa do Parlamento de Galicia.

En todo caso as competencias da comisión son de carácter fundamentalmente instructor, pois a decisión última corresponderá ó Pleno da Cámara como residuo das funcións xudiciais que no pasado tiñan atribuídos os parlamentos.

B.3. A comisión de peticións ven de perder boa parte das súas competencias substantivas dende a incorporación ó ordenamento xurídico galego (artigo 14 do Estatuto de Autonomía de Galicia) da figura do Valedor do Pobo. En efecto as peticións individuais ou colectivas que no pasado se remitían en bo número á Cámara adoitan na actualidade presentarse de xeito directo ante o comisionado parlamentario autonómico.

Trátase tamén dunha comisión de composición especial na que participa a Mesa do Parlamento e un deputado por cada grupo parlamentario, rexíndose pois tamén pola regra do voto ponderado.

No seu funcionamento a comisión pode remiti-las petición que reciba ó Defensor do Pobo, á comisión parlamentaria competente, ás Cortes Xerais, ó Goberno, ós Tribunais, ó Ministerio Fiscal, á Comunidade Autónoma, á Deputación ou ó Concello que corresponda. Esta enumeración suscitame o problema de considera-la coma un “*numerus clausus*”, xa que un órgano chamado a ter tanta importancia nestas materias coma o Pleno da Cámara non aparece mencionado.

Esta prolixa descripción dos destinatarios parecería presentar á comisión como un simple medio ou intermediario. Nembargantes esto non é así por canto a comisión pode adoita-lo acordo de non remiti-la petición a ningún dos citados órganos e acorda-lo arquivo da mesma sen máis trámites. Obviamente en todo caso deberá acusarse recibo da petición e comunicárselle ó peticionario o acordo adoitado.

C. Comisións especiais

A definición regulamentaria destas comisións é francamente rechamante, pois entende que as comisións non permanentes son aquelas creadas para unha función especial ou para un traballo concreto. Como ten apuntado Arce Janáriz defínense pola súa “*cognitio limitada*” (19). Esa función especial pode vir dada polo seguimento de determinado plan ou actuación gubernamental, mentres que o traballo concreto pode consistir na elaboración dun dictame por parte da comisión (no caso galego exemplo do primeiro sería a comisión para o seguimento do plan de financiación do sistema universitario de Galicia, e do segundo, a comisión para o estudo da reindustrialización da Comunidade Autónoma).

Estas comisións atenden no seu funcionamento o criterio do voto ponderado incluído o trámite da elección dos seus órganos directivos, que

(19) Así Alberto Arce Janáriz: “Creación, composición y órganos directivos de las comisiones parlamentarias. Seminario sobre as comisións parlamentarias. Parlamento Vasco tomo I , páx. 35.

habitualmente se configuran como mesas e excepcionalmente baixo a figura unipersonal do presidente-coordinador (así, a comisi3n para o seguimento do plan forestal de Galicia). Obviamente non rexirá o criterio do voto ponderado nos supostos nos que a comisi3n ten unha composici3n proporcional respecto da importancia numérica global dos grupos parlamentarios no Pleno da C3mara.

A potestade de creaci3n destas comisi3n descansa na Mesa do Parlamento a iniciativa propia, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos deputados membros da c3mara, e logo da audiencia da xunta de portavoces. Aínda que se contempla a posibilidade de que estas comisi3ns teñan carácter mixto ou conxunto respecto de outras xa existentes non se ten acudido a estas modalidades a pesar de que, en ocasi3ns, as comisi3ns creadas tiveron unha notable concomitancia coa materia de outras xa existentes (así a comisi3n para o estudo das repercusi3ns da política pesqueira comunitaria respecto da comisi3n permanente de pesca e marisqueo).

Sen d3bida as comisi3ns parlamentarias que teñen acadado unha meirande relevancia p3blica son as comisi3ns de investigaci3n. A C3mara auton3mica galega pode acordar por proposta da Xunta, da Mesa ou de dous grupos parlamentarios ou a quinta parte dos deputados da C3mara a creaci3n dunha comisi3n desta clase sobre calquera asunto de interese p3blico. Coincido coa opini3n de Ar3valo Guti3rrez 3 integrar estas comisi3ns dentro dos instrumentos de control e non de mera informaci3n de que a C3mara disp3n (20).

O problema da interpretaci3n da expresi3n regulamentaria "calquera asunto de interese p3blico" veu a ser solucionado entre outras pola STC 130/1991 que no seu fundamento xurídico 5º asocia o interese p3blico 3 criterio da maioría parlamentaria, aplicando o principio democrático tamén a estas funci3ns de control.

(20) Así Alfonso Ar3valo Guti3rrez: "Reflexiones sobre las comisiones de investigaci3n o encuesta parlamentarias en el ordenamiento constitucional espa3ol". Revista de las Cortes Generales, núm. 11, 1987 páxs. 164-172.

Estas comisións de investigación deberán elaborar un plan de traballo e poderán nomear ponencias no seu seo e requeri-la presenza de calquera persoa para ser oída. Neste último caso os extremos sobre os que deba informar deberanlle ser comunicados cunha alteración mínima de cinco días.

Pode facerse necesario, pola complexidade e relevancia política que acadan estas actividades parlamentarias, que a Presidencia da Cámara, oída a comisión dicte certas normas de procedemento. Neste sentido a recente modificación do regulamento parlamentario autonómico (21) establece que as sesións das comisións de investigación son a porta pechada pero con asistencia dos representantes dos medios de comunicación social debidamente acreditados. Este principio vese limitado polo carácter secreto das ponencias que se creen no seo da comisión, das comparecencias que versen sobre materias que fosen declaradas reservadas ou secretas e as que traten sobre asuntos que coincidan con actuacións xudiciais que teñan tal carácter. Por último non gozarán tampouco de publicidade os datos, informes ou documentos facilitados ás comisións de investigación cando así o dispoña unha lei ou cando motivadamente o acorde a propia comisión.

Como se pode comprobar o dereito parlamentario galego non segue os criterios de outros ordenamentos como o francés nos que a investigación parlamentaria está prohibida nos supostos de que exista previamente actuación xudicial ó respecto. Neste sentido só se contempla a posibilidade de que a Mesa do Parlamento de traslado das conclusións aprobadas polo Pleno da Cámara ó Minsiterio Fiscal para o exercicio, cando proceda das accións oportunas.

Unha modulación do dominio da maioría do funcionamento das comisións de investigación ven dada pola posibilidade que teñen os distintos grupos parlamentarios de solicita-la publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia daqueles votos particulares rexeitados e que polo tanto, non figuran no texto das conclusións aprobadas polo Pleno da Cámara.

A experiencia nesta materia da Cámara galega ten resultados moi distintos xa que por unha banda a comisión de investigación creada con

(21) Vid. DOG núm. 3 do mércores, 4 de xaneiro de 1995.

motivo de presuntas irregularidades de contrataci3n en certos concellos da provincia de Ourense, a3nda que con notable inconformidade por parte dos deputados da oposici3n parlamentaria rematou os seus traballos. A outra comisi3n de investigaci3n que versou sobre as circunstancias que rodearon o embarrancamento do buque Mar Exeo non rematou os seus traballos por finalizaci3n da lexislatura o que provocou a extinci3n da mesma.